

RESEÑAS

DOMÍNGUEZ ALBERTE, X. C. (Ed.) (2013). *Actas do IV Congreso Manuel Luis Acuña. A Pobra de Trives, Concello da Pobra de Trives.*

O Congreso Luis Acuña ven sendo xa, desde hai anos, un referente consolidado entre as convocatorias sobre a historia e a cultural da Galiza, e como tal, a oportunidade para aprofundar nas diferentes vertentes da nosa historia no marco da obra deste insigne mestre, escritor e activista republicano e galeguista. O Congreso é, ademais, unha oportunidade para que cada tres anos, un grupo de profesores, alumnos e público en xeral se reúna na contorna agradecida da Pobra de Trives para debatir e reflexionar sobre os valores que no eido educativo ou mesmo político centraron a súa traxectoria. Este ano, 2014 coincidiu xa a súa quinta convocatoria.

A edición que aquí reseñamos recolle os traballos presentados no IV Congreso arredor do tema “As outras *armas* do franquismo” que, debido aos tempos revoltos de crise e axustes que vive a publicación de traballos, nomeadamente en galego, acaba de ver a luz agora. Un coidado volume no que un número considerable de intervencións, debates, relatorios e ponencias, nos aproximan desde unha ollada interdisciplinaria a diversos ámbitos daquel escuro período, “encetado a mediados de 36, do ‘morra a intelixencia’ que aos homes e ás mulleres libres, coma o escritor de Sobrado de Trives, en carne viva lles tocou padecer”. quen isto expresa é o seu editor, Xoán Carlos Domínguez Alberte. Este docente e escritor é, ademais, xunto con Xosé Manuel Cid Fernández, a alma entusiasta do Congreso.

O corpus desta publicación está composto por un apartado de conferencias, no que diversos autores presentan una serie de traballos de temática variada. Así, Francisco Fernández Rei con “Prestixiando o galego: de Manuel Luis Acuña a Marcos Valcárcel. Notas sobre a constitución da lingua literaria” realiza un percorrido desde Rosalía a Marcos Valcárcel por paisaxes históricas e líricas, a través de diversos personaxes do mundo das letras e o seu contributo na conformación do noso idioma.

Co traballo “Tipoloxía da represión franquista na Galiza durante o primeiro franquismo. Unha perspectiva comparada”, María Xesús Souto Blanco achega unha definición operacional, como ela mesmo di, do concepto básico de vítima da represión, ao tempo que propón un modelo de análise para esclarecer as dinámicas da represión franquista sobre catro eixes: o axente represor, a súa motivación, o seu obxectivo e o instrumento utilizado nas accións represivas.

Pola súa parte, Julio Prada Rodríguez, a través de “A espada de Damocles do novo réxime: represión económica e depuración administrativa no primeiro franquismo”, trata o intervencionismo do novo réxime e as diferentes expresións da depuración con fins punitivos e tamén recadatorios, entre as que se atopan a rapiña administrativa mediante exaccións irregulares, sancións económicas ou subscricións patrióticas. Con respecto aos corpos docentes, sinala o autor, foi nomeadamente o dos mestres o que con máis forza padeceu a depuración dos sublevados.

O traballo de Miro Villar, “As cicatrices do réxime na poesía galega nos primeiros anos da posguerra, 1940-1955” amosa

unha panorámica desde o inicio da ditadura ata o mesmo ano de aparición do libro de poemas de Celso Emilio Ferreiro *O soño sulagado*. Representación, en palabras do autor, da vitalidade do discurso lírico que o franquismo non puido silenciar, malia os seus ben coñecidos esforzos por actuar nesa dirección.

Luis Martínez-Risco Daviña analiza en “Unha achega ao ensino da historia no franquismo” a influencia da Igrexa no modelo educativo do réxime durante a etapa coñecida como de “Imperio Azul”. Neste período, 1936-1951, vaise impoñer un modelo de ensino totalmente patriótico mediante una educación clásica e humanista que, como afirma o autor, pretende inculcar ao alumnado os conceptos básicos do nacionalismo máis exacerbado para lexitimar os principios ideolóxicos que sustentan o Réxime. Un sistema que se apoia nun profesorado fiel, sobrevivente das depuracións e encadrado de forma obrigada no *Servicio Español de Magisterio*, para conformar un determinado modelo de cidadán.

En “Silencio cultural e represión lingüística en Galiza durante o primeiro franquismo”, Mercedes Queixas Zas aborda a represión que se deu sobre a lingua galega nos primeiros anos da ditadura. Un momento en que, como ela afirma, a palabra enmudecía e a escrita murchaba paseniñamente nas marxes dunha intensa e cruel represión que se desatou na Galiza, e que forzou a moitos sobreviventes a mudaren, ou mesmo renegaren, dos seus compromisos de preguerra. A morte, o medo, a cadea, a persecución, os paseos, levan a un estado de silencio ou de exilio interior para soportar a sentenza oficial de

“*una sola lengua, el castellano, y una sola personalidad, la española*”.

Ramón Nicolás Rodríguez ofrece unha miscelánea textual e biográfica relacionada con diversos aspectos da personalidade literaria e da obra de Manuel Luís Acuña co seu traballo “Manuel Luís Acuña: a partitura poética dunha xeración en fuga”.

Por último, a nosa achega “Proxectos educativos galeguistas na acción dos emigrantes galegos: Antón Alonso Ríos e a Federación de Sociedades” trata sobre a vontade dunha parte do colectivo galego emigrado a América, liderado por Antón Alonso Ríos, de crear na Galiza unha rede escolar de ensino primario a través da *Federación de Sociedades Gallegas, Agrarias y Culturales*. Unha rede de escolas ligada ao laicismo, baixo a modernización pedagóxica institucionalista sen esquecer, nalgúns casos, a súa orientación galeguista.

O apartado de relatorios está composto polas seguintes contribucións: Francisco García Sánchez, analiza en “Formas cotiás de rebelión campesiña: aproximación aos enlaces da guerrilla antifranquista no oriente ourensá”, a resistencia guerrilleira campesiña centrándose na súa estrutura e no papel de cada un dos órganos da oposición político-armada e os seus apoios. Unha análise que realiza a partir do entramado organizativo da guerrilla valdeorresa entre os anos 1936 e 1951. En “Marcos Valcárcel: una presenza constante nos congresos Manuel Luís Acuña”, Xoán Carlos Domínguez Alberte dá conta, de xeito sintético, do labor realizado polo profesor e historiador Marcos Valcárcel na recuperación e de divulgación da figura intelectual de Manuel Luís Acuña. Producción que non se limita aos congresos senón

que amplía aos medios de comunicación nos que colabora. Pola súa parte, María Concepción Álvarez Gómez, en “A xurisdición Especial de Responsabilidades Políticas no partido xudicial de Trives” estuda o marco normativo e a aplicación desta lei na contorna trivesa. Actuación que, como di a autora, transcendeu en moito a finalidade punitiva para asegurar o sometemento da poboación a través da persecución dos que aínda non foran prendidos e das familias dos presos.

En “De Ourense a Trives polos camiños das boas prácticas educativas”, Xosé Manuel Cid Fernández, propón, desde a súa lembranza, a escollo de diversos roteiros histórico-pedagóxicos, como o que facía nos primeiros anos de docente polo casco vello ourensán para recoñecer as pegadas republicanas; roteiros polas beiras do Loña ou do Sil... roteiros para descubrir as escolas dos emigrantes desde Nogueira de Ramuín ata Trives; rememorando escenarios da represión franquista, das Misións Pedagóxicas, da rede voluntariosa dos mestres de ATEO, do arquipélago da renovación pedagóxica no mundo rural en anos ilusionados de República.

En “Usos didácticos da memoria social da represión franquista: a Lola do Protasio, resistente, exiliada e retornada en Amoeiro”, Raúl Soutelo Vázquez valoriza o testemuño persoal, mediante a información epistolar ou oral, na reconstrución da memoria con finalidade didáctica. Este autor céntrase na presenza feminina, “retaguarda loxística e afectiva dos maridos, fillos e irmáns presos ou fuxidos”, que personaliza na figura de Dolores Vilamarín. No seu traballo “As outras *armas* do réxime: control ideolóxico e subordinación feminina na retaguarda franquista”, Ana Cebreiros

Iglesias afonda na represión simbólica que supuxo o derrube, por parte da ditadura, das achegas e reformas económicas e sociais establecidas durante a etapa republicana, nomeadamente as referidas á dignificación das mulleres. Derrube que se perpetrou para impoñer na zona sublevada un novo paradigma feminino desde todos os ámbitos públicos (lexislación, educación, prensa, organización segres) co fin de recuperar os valores tradicionais centrados na subordinación ao home, na maternidade e no regreso aos labores do fogar. Por último, en “As escolas do meu tempo. Planos e tipos de escolas do tempo da ditadura”, Marília Julieta Rodrigues Gomes Ruivo presenta unha recreación da memoria escolar portuguesa a través dos recordos que lle evoca a súa infancia.

O apartado intitulado “Fírgoas”, en homenaxe á obra de Manuel Luís Acuña (Nós, 1933), inclúe aqueles textos que non se adscriben a ningunha das primeiras seccións e que “constitúen una particular ollada sobre a materia tratada por parte das figuras das que se inclúen aquí as súas colaboracións”, en palabras do editor. Está composto por “O roteiro do Afranio: un proxecto (inacabado) de base popular”, de Bieito Alonso; “Cine e emigración baixo o franquismo”, de Manuel González Álvarez, “Un prego de cargos mentireiro”, de Manuel Luís Acuña Sánchez, e “Dúas cartas dun republicano galego condenado a morte: Francisco Lores López, (A Coruña, 23 de marzo de 1937)”, de Xesús Alonso Montero.

Pecha a edición un apartado de apéndice que inclúe o programa do Congreso e máis una reportaxe fotográfica.

Xosé M. MALHEIRO GUTIÉRREZ
Universidade da Coruña